



CIRCULAR LU05/2014

- Aos atletas, adestradores e clubes

IV TROFEO COPA DIPUTACIÓN DE LUGO

3ª Xornada 1 de marzo 2.014

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo en colaboración ca Vicepresidencia Primeira da Diputación de Lugo organiza a 3ª proba o vindeiro 1 de marzo, en xornada de tarde, do **IV Trofeo Copa Diputación de Lugo** no Módulo Cuberto e no Estadio Gregorio Pérez Rivera de Lugo. Baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2013/14) por algún Club pertencentes a Comunidade Galega.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubes doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. O acceso ao módulo será restrixido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores/as que queiran poder entrar no módulo, deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do xoves 27 para recibir acreditación para o acceso.

Art. 4. Horario cámara chamadas:

- **Carreiras:** apertura 20 min antes da *hora da serie*, peche 10 min antes da *hora da serie*;
- **Pértega:** apertura 55 min antes da proba, peche e saída a pista 45 min antes da hora da proba;
- **Resto:** apertura 30 min antes da proba, peche e saída a pista 20 min antes da hora da proba.

Art. 5. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 6. A táboa en *todas as probas de lonxitude* estará situada a 3 m. É necesaria **marca mínima para participar, homes 5,00 m e mulleres 4,30 m.**



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 7. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata **60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta. Os **artefactos para homologar** recolleranse ata 60 minutos antes do inicio da proba.

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 9. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Disco (cad a senior)	16:00	Disco (cad a senior)
Lonxitude (mínima +5,00 m)		Altura (cad a senior)
800 m.l.	16:10	
	16:20	800 m.l.
1.000 m.l. (cad)	16:30	
	16:40	1.000 m.l. (cad)
600 m.l. (cad)	16:50	
	17:00	600 m.l. (cad)
200 m.l.	17:10	
	17:25	200 m.l.
300 m.l. (cad)	17:40	
	17:50	300 m.l. (cad)
1.500 m.l.	18:00	Lonxitude (mínima +4,30 m)
Martelo (cad a senior)		Martelo (cad a senior)
Altura (cad a senior)		
	18:10	1.500 m.l.
	19:00	60 m.v. (0,76)
	19:15	60 m.v. (0,84)
60 m.l.	19:20	
	20:00	60 m.l.

*** *horarios cámara dechamadas no art.4 do regulamento*

Art. 10. As probas de lonxitude e altura disputaranse no módulo cuberto.

Art. 11. O regulamento completo pódese consultar na circular **LU01/2014**, na páxina web da delegación de Lugo.

Art. 12. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

En Lugo, 24 de febreiro do 2014

Astolfo Gánday López

Delegado da FGA en Lugo